

8 O Renacemento en Italia (I). A arquitectura

O Renacemento foi o estilo artístico que aplicou as ideas humanistas ao campo da arte. Xurdiu en Italia no século xv (**Quattrocento**), e estendeuse polo resto de Europa no século xvi (**Cinquecento**).

8.1 As características do Renacemento

- O **modelo artístico** foi a Antigüidade clásica. Por iso, os artistas baseáronse nos materiais e formas dos autores gregos e romanos.
- A arte inspirouse na natureza, e intentou representar fielmente a realidade. Para iso, recorreu ás veces a métodos matemáticos, como os módulos para calcular as proporcións; e a perspectiva lineal para representar a profundidade.
- Recuperouse o **antropocentrismo**. Os edificios fixéronse a escala humana, e o ser humano foi o protagonista de esculturas e pinturas nas que se buscou a beleza ideal, a serenidade e o equilibrio.
- Os artistas melloraron a súa consideración social. Moitos destacaron en varias disciplinas, asinaron as súas obras, e foron apoiados por ricos **mecenas**, como os Médici en Florencia e os papas en Roma.


8.2 A arquitectura e as súas etapas

Os arquitectos inspiráronse nos modelos clásicos; empregaron a **pedra** como **material**; e utilizaron as **ordes gregas** e **romanas**, os **arcos semicirculares**, e as **cubertas planas** ou **abovedadas**. Os edificios máis destacados foron as **igrexas**, con planta de cruz latina ou centralizada; e os **palacios**, con varios pisos horizontais e portas e ventás rematadas en frontóns.

- No **século xv**, o berce do novo estilo foi a cidade de Florencia. Nesta cidade, **Filippo Brunelleschi** inaugurou o Renacemento coa cúpula da catedral de Florencia. Despois, creou os modelos de igrexa e palacio renacentistas (igrexa de San Lorenzo e palacio Pitti). Tamén destacou **León B. Alberti**, autor da fachada da igrexa de Santa María Novella e do palacio Rucellai.
- No **século xvi**, o centro da arquitectura italiana trasladouse a Roma, onde os papas impulsaron novos edificios. Destacan o templo de San Pietro in Montorio e a basílica de San Pedro do Vaticano, deseñada por **Bramante** e continuada por outros arquitectos, entre eles **Miguel Anxo**.

Módulos e perspectiva lineal


Os módulos matemáticos



A arte renacentista deu-lle novamente **importancia á figura humana** e ás súas proporcións. O **canon** ideal das proporcións volverá ser o módulo das 8 cabezas, e a altura ideal total será igual á lonxitude dos brazos estendidos.

Esta última foi recollida por Leonardo da Vinci no seu *Homem de Vitruvio*.

A perspectiva lineal



A **perspectiva lineal** é un método para lograr a sensación de profundidade. Consiste nunha serie de liñas que converxen nun punto (o punto de fuga) situado no límite do campo visual do espectador (1). Este tipo de perspectiva aplicouse en pintura e en moitos edificios. Así, na igrexa de San Lorenzo construída por Brunelleschi en Florencia, todas as liñas converxen nun único punto: o altar (2).

AVANZA EN COMPETENCIAS

Cofecer a diversidade artística

- 1 Recorda a definición destes termos arquitectónicos: *soporte, ordes clásicas, arco de medio punto, frontón, cuberta plana, cuberta abovedada, cúpula, planta de cruz grega, planta centralizada*.
- 2 Busca exemplos dos termos anteriores nas imaxes desta epígrafe ou no Dicionario de termos artísticos do final do libro.

Valorar achegas culturais

- 3 A busca da beleza ideal e da harmonía das proporcións foi unha constante nos artistas do Renacemento. Infórmate sobre ambos os dous conceptos.

Interpretar imaxes

- 4 Por que pasaron á historia da arquitectura e a arte os edificios das ilustracións?

En caso necesario, busca información complementaria sobre eles en Internet.

Edifícios significativos do Renascimento. Igrejas e palácios

O Quattrocento, Florencia





Cúpula da catedral de Florencia, de Brunelleschi, construída entre 1420 e 1426. O arquitecto superou o reto de cubrir un enorme espazo de 41,7 m. Para iso, ideou un sistema de dobre cúpula, unha interior semicircular e outra exterior apuntada, ligadas por elementos de unión que se contrarrestaban entre si.

Palacio Rucellai, de Alberti. Construíuse entre 1446 e 1455, e segue o modelo de palacio renacentista: pisos horizontais nos que o resalte dos perpiños decrece cara a arriba; ventás enmarcadas por pilastras dóricas, xónicas e coríntias; e gran cornixa. O interior dispóñase arredor dun patio.



O Cinquecento, San Pietro in Montorio, Roma

Este **temple** está construído dentro dun patio sobre o lugar onde se supoñía que lora crucificado San Pedro. Bramante proxectou un edificio de **planta central** sobre unha escalinata; e un pórtico rematado por unha balaustrada, que rodea o espazo central coroado por unha cúpula.



O Renacemento en Italia (II).

A escultura e a pintura

Por influencia clásica, os escultores e pintores intere-sáronse polo corpo humano nu, a beleza ideal, e as com-posicións simétricas e equilibradas. Os seus temas pre-feridos foron os relixiosos, os mitolóxicos e os retratos.

9.1 Os escultores e os pintores do Quattrocento

Os **escultores** do século XV máis destacados foron **Ghiberti**, polos relevos que decoran as *Portas do Paraíso*, no baptisterio da catedral de Florencia; e **Donatello**, por esculturas como *David*, *San Xurxo*, e o *Condottiero Gattamelata*, a primeira estatua ecuestre que se facía en Italia desde época romana.

Os **pintores** máis prestixiosos do período foron **Ma-saccio**, moi interesado pola perspectiva en obras como a *Trindade* e *O pagamento do tributo*; e **Boti-cell**, autor de obras mitolóxicas cheas de movemen-to, como *A Primavera* e o *Nacemento de Venus*.

9.2 Os escultores e os pintores do Cinquecento

O **escultor** por excelencia do século XVI foi **Michelangelo Buonarroti** (Miguel Anxo), que realizou obras en mármore de gran forza e perfección anatómica. Entre elas, *David*, *Moisés*, varias piedades e as tumbas dos Médici.

Os **pintores** do século XVI foron considerados polos seus contemporáneos como os **grandes mestres**:

- **Leonado da Vinci** (1452-1519) realizou poucas obras, pero de gran calidade. A súa grande achega foi a técnica do *sfumatto*, aplicada en obras como *A Sagrada Cea*, *a Gioconda* e *a Virxe das Rochas*.
- **Michelangelo Buonarroti** (Miguel Anxo) (1475-1564), como pintor mostrou grande interese polo nu, o movemento, a variedade de posicións, o debuxo e a representación do volume. A súa principal obra é o conxunto de frescos que decoran a Capela Sixtina, no Vaticano: o teito, con escenas do Antigo Testamento; e o muro frontal, co *Xuízo Final*.
- **Rafaello Sanzio** (Rafael), 1483-1520, alcanzou unha gran perfección no debuxo, na cor e nas com-posicións. As súas principais obras son a *Escola de Atenas*, situada nunha das estancias vaticanas que decorou ao fresco; numerosos retratos, e cadros de *Virxes co Neno*.

O Quattrocento

As persoas que se dedicaron á escultura e a pintura no Renacemento buscaron a beleza ideal, que consideraron resultado da harmonía e da proporción. Para iso, volveron ao concepto clásico de canon, que establecía as proporcións da figura humana a través dun módulo ou unidade de medida, tal como vimos.

Ghiberti



Detalle das *Portas do Paraíso* do baptisterio da catedral de Florencia: «Isaac con Esaú e Xacobe».

Botticelli



Nacemento de Venus.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Cofecer o patrimonio cultural

1 Completa no teu caderno este cadro resumo:

Período artístico	Artistas	Obras significativas
Quattrocento		
Cinquecento		

Analizar estilos e obras

2 Elixe unha escultura e unha pintura e coméntaas: nome e autor, cronoloxía, estilo artístico, material ou soporte, tema e características.

Consulta as comparacións de obras de arte e estilos artísticos

DESTREZA

O Cinquecento. Os grandes mestres

Leonardo da Vinci



A *Sagrada Cea*. Leonardo da Vinci logra a sensación de profundidade combinando a perspectiva lineal co *sfumatto* ou esvaído do contorno das figuras.

Miguel Anxo. Escultor e pintor

A **escultura** de Miguel Anxo caracterízase por figuras grandiosas e monumentais. O *David* (1), é un perfecto estudo anatómico de paixón e forza contida.

A *Piedade do Vaticano* (2) sorprende pola xuventude da Virxe e pola súa composición triangular.

O *Moisés* (3), que formaba parte do sepulcro do papa Xulio II, destaca polo seu movemento e mirada «terrible».



A **pintura** de Miguel Anxo caracterízase pola importancia do debuxo e do movemento. Na bóveda da Capela Sixtina plasmou, sobre unha arquitectura finxada, nove historias da Xénese flanqueadas por nenos nus, profetas e sibilas.

Aparecen representados:

1. A creación do Sol.
2. A separación da Terra e as augas.
3. A creación de Adán.
4. A creación de Eva.
5. A expulsión do Paraíso.
6. O sacrificio de Noé.
7. O diluvio.

Raffaello Sanzio



anayaeducacion.es
Consulta o dicionario visual de termos artísticos.

Valorar achegas culturais

- 3 Infórmate e contesta: que achegaron Leonardo, Miguel Anxo e Rafael á historia da arte universal?

10 O Renacemento fóra de Italia

10.1 A escola flamenga

Nos Países Baixos, a manifestación artística máis significativa da época foi a pintura. Desenvolveu-se principalmente nas cidades de Gante e Brugge, onde existía unha poderosa burguesía enriquecida que encargou numerosas obras de arte para decorar as súas casas.

A escola flamenga, cuxos pintores se coñecen como «primitivos flamengos», tivo trazos propios. Os principais foron a introdución da **técnica do óleo**, que consiste en disolver as cores en aceite de liñaza. Con iso, os cadros adquiren un colorido brillante e unha gran luminosidade, é posible realizar transparencias, e as pinturas gañan en detallismo.

Os **irmáns Van Eyck** foron os iniciadores da escola, co políptico da Adoración do Cordeiro Místico. Un deles, Jan Van Eyck realizou tamén excelentes retratos, como *O matrimonio Arnolfini*.

Outros pintores destacados da escola foron **Roger Van der Weyden**, que introduciu a expresión dos sentimentos en obras como o *Descendemento* e *Cristo crucificado coa Virxe e San Xoán*; e **O Bosco**, que criticou e caricaturizou a sociedade da súa época a través de imaxes e seres fantásticos, como no *Xardín das Delicias* e *As tentacións de Santo Antonio Abade*.

10.2 O Renacemento en Alemaña e en Francia

A arte do Renacemento italiano estendeuse por Europa durante o século XVI. Moitos reis e nobres chamaron ás súas cortes a artistas italianos ou compraron obras de arte italianas que serviron de modelo aos artistas. Ademais, algúns artistas europeos acudiron a Italia para formarse e, á súa volta, introduciron o novo estilo nos seus países.

- En **Alemaña**, a figura máis importante foi o pintor **Albrecht Dürer (Durero)**, que tamén foi un gran debuxante e gravador. As súas obras máis destacadas son os seus propios autorretratos e *Adán e Eva*.
- En **Francia**, o Renacemento impúxose durante o reinado de Francisco I, que construíu numerosos castelos-palacio ao longo do val do Loira, como o de Chambord.

Os primitivos flamengos

A **técnica do óleo** permitiu realizar cadros de gran colorido, luminosidade e detallismo. Moitos deles representan a rica burguesía da rexión que encargaba as obras.

Jan Van Eyck



O matrimonio Arnolfini (detalle).

Roger van der Weyden



O Descendemento (detalle).

O Bosco



O xardín das delicias (detalle).

Alemaña. Alberto Durero



Autorretrato. Durero autorretratouse como un elegante xentilhome da nobreza. Con iso, pretendía exaltar a figura do artista situándoo por enriba da consideración de simple artesán que tivo durante a época medieval.

Adán e Eva. Durero mostrou interese por pintar o corpo nu, inspirándose en esculturas clásicas que coñeceu nas súas viaxes a Italia. Adán e Eva mostran a beleza ideal e están pintados sobre fondo escuro, para que toda a atención se centre no corpo. Eva suxeita a rama da maceira na que se encontra enrolada a serpe, e Adán sostén o froito prohibido.



Francia. O castelo de Chambord

Vista do castelo



AVANZA EN COMPETENCIAS

Cofecer a arte

- 1 Observa as imaxes de pintura flamenga. Despois, contesta: a) En que trazos se aprecia a nova técnica do óleo? b) Que información achegan estes cadros sobre a sociedade da súa época?

Cofecer a diversidade artística Vexo, penso, preguntoma...

- 2 Que trazos da mentalidade e da arte renacentistas se aprecian nas obras de Durero?
- 3 Busca unha representación medieval de Adán e Eva e compáraa coa obra de Durero. Que diferenzas aprecias?

DESTREZA

Consulta as comparacións de obras de arte e de estilos artísticos

Planta do castelo

